

José M<sup>a</sup>. Alonso Mejjide

Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización

Facultade de Ciencias. Universidade de Santiago de Compostela

Tfno: 982824057. Correo electrónico: josemaria.alonso@usc.es

Estimadas/os compañeiras/os:

Como novo director do Grupo de Traballo de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, quero agradecer en primeiro lugar, a extraordinaria labor levada a cabo durante os últimos anos pola anterior directora do grupo, Ángeles Fernández Sotelo. Aproveito esta ocasión para saudarvos e dicirvos que estou á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facer.

Cara o novo curso, comentar que tendo en conta as circunstancias actuais, mantemos todo o referente ao curso pasado como aparece nas informacións relativas a:

- Orientacións xerais
- Criterios xerais de avaliación
- Modelo de exame

No documento “Orientacións xerais” tratamos de orientar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben alcanzar nos distintos bloques que se avaliarán.

No documento “Criterios xerais de avaliación”, aparecen as puntuacións dos exercicios de cada bloque, habendo dous exercicios de Álgebra, dous de Análise e dous de Probabilidade e Estatística, todos coa mesma puntuación máxima, para elixir 3 calquera. Sería conveniente que comentedes coas/cos alumnas/os os Criterios xerais de avaliación da proba e tamén informalos de que se resolven mais de 3 exercicios, só se avaliarán os tres primeiros exercicios que respondan. Ademais, as respostas deberán estar xustificadas, polo que nas follas do exame teñen que figurar tódalas operacións e cálculos precisos para resolver os exercicios. Se só se achega a solución sen ningún tipo de explicación, terán unha puntuación de cero puntos en dito apartado.

O “Modelo de exame” proposto é indicativo tanto do contido a avaliar como do tipo de exame, para a ABAU 2024 será **o mesmo co da ABAU 2023**.

De novo reitero, non dubidedes en contactar comigo ou con algún membro do grupo de traballo para calquera aclaración.

Recibide un saúdo moi cordial.

Lugo, Novembro 2023